



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE E A FUNDACIÓN ESPAÑOLA DE AXUDA Á INVESTIGACIÓN EN PÁRKINSON PARA O FINANCIAMENTO DO PROXECTO DE INFORMACIÓN E SENSIBILIZACIÓN SOCIAL, CAPTACIÓN DE FONDOS PARA A INVESTIGACIÓN E MANTEMENTO DO PÁRKINSON PARA O EXERCICIO 2022.

Lugar e data da sinatura dixital,

REUNIDOS

Dunha parte:

Dona Fabiola García Martínez, na súa condición de conselleira de Política Social e Xuventude, nomeada polo Decreto 60/2022, do 15 de maio, en uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983 do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, así como no Decreto 58/2022, do 15 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, no Decreto 73/2022, do 25 de maio, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia, no Decreto 124/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Xuventude e no establecido no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991.

Doutra parte:

Don Alberto Amil Lago, con DNI 32663277B, presidente do Patronato da Fundación Española de Ayuda a la Investigación en Párkinson, con NIF G56031859, nomeado de acordo co artigo 14 dos seus estatutos, actuando en nome e representación dela de acordo co seu artigo 18, como consta na escritura de constitución, outorgada ante notario co número de protocolo 1125, en Ferrol o 24 de xullo de 2015., e está inscrita xunto co Patronato no Rexistro de Fundacións do Ministerio de Xustiza pola Resolución do 18 de abril de 2016.

Ámbalas dúas partes recoñécense con capacidade legal suficiente para outorgar o presente convenio e

EXPOÑEN

I. Que as Administracións Públicas poden celebrar convenios de colaboración con outras administracións ou entes de dereito público e con persoas físicas ou xurídicas ao abeiro do disposto no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

II. Que a Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o establecido no artigo 27.23 do Estatuto de autonomía de Galicia, en consonancia coa habilitación competencial outorgada ás Comunidades Autónomas polo artigo 148.1.20 da Constitución española, ten competencia exclusiva en materia de asistencia social, polo que, na súa virtude se aprobou a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.





III. Que a Consellería de Política Social e Xuventude, a través da Dirección Xeral de Maiores e Atención Sociosanitaria, segundo o establecido no Decreto 124/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Xuventude, ten entre as súas funcións e competencias ás relativas á atención das persoas maiores nos aspectos sociosanitarios, e no marco desas competencias están comprendidas as funcións en materia de innovación tecnolóxica e investigación e innovación na xestión dos programas e servizos social.

IV. Que a Fundación Española de Ayuda a la Investigación en Párkinson, entidade sen ánimo de lucro de natureza fundacional, está inscrita no rexistro de fundacións de competencia estatal co número 1816, e está baixo o Protectorado Único de Fundacións de competencia estatal do Ministerio de Cultura e Deporte.

Así mesmo, a Fundación Española de Ayuda a la Investigación en Párkinson figura inscrita no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais co número E-7361.

A fundación ten como finalidade, entre outras, segundo o establecido no artigo 6 dos seus estatutos promover e divulgar a investigación científica no ámbito do Párkinson e outras enfermidades neurodexenerativas no relativo ao diagnóstico, síntomas, tratamento, novas técnicas ou solucións terapéuticas que melloren a calidade de vida das persoas con Parkinson e outras enfermidades neurodexenerativas, ademais de fomentar o intercambio de información entre expertos, pacientes e as súas familias para mellorar a calidade de vida das persoas afectadas. Así leva a cabo proxectos científicos co fin de establecer protocolos para a mellora da calidade de vida das persoas que sofren a enfermidade, entre eles para o transplante mitocondrial, que pode ser utilizado para impedir o inicio e previr a progresión das enfermidades neurodexenerativas.

V. Que ambas partes son conscientes do papel activo que deben desenvolver as persoas maiores na sociedade, tendo ademais en conta que son un colectivo cada vez máis numeroso e con maior formación e información, polo que é preciso dar apoio á investigación cunha ferramenta de comunicación e divulgación que faga accesible este coñecemento adquirido sobre as enfermidades neurodexenerativas e os avances científicos e médicos das súas terapias para que poida ter un impacto real na sociedade. É por iso que xorde a necesidade de conseguir novas canles de comunicación que permitan amplificar a súa chegada aos pacientes, aos seus familiares e cuidadores.

Que actualmente faise preciso establecer medidas de apoio a todas aquelas persoas diagnosticadas coa enfermidade de Párkinson ou outras enfermidades dexenerativas co fin de potenciar a súa independencia e autonomía.

Son obxectivos desta Fundacións:

- Conseguir maior difusión dos contidos para achegar a información de interese ós beneficiarios
- Estimular a participación dos entes públicos e privados, a comunidade científica e os pacientes e familias para lograr unha concorrencia de intereses.





- Obtención de fondos para dar cobertura financeira a novos proxectos de investigación que nutran os fines sociais da Fundación.
- Dispoñer duna estrutura operativa adecuada para o funcionamento da Fundación

Para elo é necesario reformular un plan de marketing e comunicación. Neste plan traballarase o reforzamento de imaxe, a mensaxe e misión da Fundación, gañando presenza nos diferentes medios de comunicación e mantendo unha interacción constante cos beneficiarios.

A fundación persegue os seguintes fins:

- A Mellora da calidade de vida do enfermo de Párkinson e outros trastornos do movemento e a do seu entorno, proporcionándolles información e asistencia social.
- A promoción do voluntariado social e médico, o mecenazgo e o recoñecemento social da enfermidade de Párkinson e outros trastornos do movemento.
- Promover e divulgar a investigación e o avance no relativo ás causas, diagnóstico, síntomas, tratamentos, novas técnicas e solucións terapéuticas que favorezan e melloren a calidade de vida dos pacientes en Párkinson e outros trastornos do movemento.

VI. Que a entidade Fundación Española de Ayuda a la Investigación en Párkinson realiza actividades consideradas de interese social susceptibles de ser subvencionadas pola Consellería de Política Social e Xuventude a través dun procedemento de concesión directa ao abeiro do disposto nos artigos 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no 36 c) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, en tanto en canto a fundación leva a cabo proxectos científicos únicos co fin de establecer protocolos para a mellora da calidade de vida das persoas e das familias que sofren a enfermidade, entre eles, proxectos de investigación básica como o transplante mitocondrial, que pode ser utilizado para impedir o inicio e prever a progresión das enfermidades neurodexenerativas que cursan con dano mitocondrial e a terapia xenética, consistente no estudo das mutacións xenéticas asociadas a procesos autofágicos e alternativas terapéutica.

A Fundación tamén ven desenvolvendo proxectos de investigación clínica coma o Estudo Coppadis, o estudo observacional máis amplo sobre o Parkinson ata o momento en Europa, que involucra máis de 700 pacientes e cunha duración de 7 anos (durante os cales xa se ten publicado máis de 30 artigos científicos) e que permitirá obter información clínica de gran interese para coñecer mellor a enfermidade. Así mesmo, conta cunha importante traxectoria de investigación como promotora doutros estudos observacionais que implican a mellora de toma de decisión do diagnóstico e tratamento de enfermidades neurodexenerativas: Estudo "Open PD", "Vopark", "Sense4care", "Safinomotor", "COVID e Parkinson".

No eido da sensibilización e comunicación, tamén veu desenvolvendo una importante labor a través do portal web "Conoce el Parkinson" o portal especializado na enfermidade de





Parkinson que ofrece información de gran valor dirixida os pacientes, os seus familiares e cuidadores e ós profesionais. Este portal é o portal de fala hispana máis visitado e seguido das redes. Ademais deste proxecto, leva a cabo acción de comunicación con colaboradores como as "Charlas taburete" e "Superhéroes", iniciativas nos que os protagonistas son pacientes de Parkinson que comparten as súas vivencias e sensibilizan sobre a realidade desta enfermidade.

Esta experiencia nestas liñas de traballo, fan da Fundación a entidade con un maior grado de especialización no estudo e sensibilización das enfermidades neurodexenerativas, e cunha clara aposta por proxectos únicos encamiñados a busca de solución para estas enfermidades e a mellora da calidade de vida dos afectados.

As persoas beneficiarias directas das accións informativas son as propias persoas que padecen as enfermidades neurodexenerativas, os seus familiares e cuidadores así como os profesionais relacionados con estas enfermidades e as persoas que teñan interese nesta cuestión.

Polo exposto, as partes comparecentes, na representación que ostentan,

ACORDAN

Subscribir un convenio de colaboración para contribuír ao financiamento do proxecto, información e sensibilización social e captación de fondos para a investigación e mantemento do párkinson durante o exercicio 2022, con suxeición as seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. Obxecto

O obxecto do presente convenio é a colaboración entre a Consellería de Política Social e Xuventude e a Fundación Española de Ayuda a la Investigación en Párkinson, mediante a concesión directa dunha subvención para contribuír ó financiamento do proxecto destinado a difundir a información e sensibilización social e captación de fondos para a investigación e mantemento do párkinson durante o exercicio 2022 cos medios necesarios para a súa consecución.

A finalidade do proxecto é a difusión de información relativa as enfermidades neurodexenerativas. A Fundación pretende ofrecer á sociedade e sobre todo a persoas maiores que padecen ou poden padecer enfermidades neurodexenerativas un amplo contido de información que axude a entender estas enfermidades, os seus síntomas, cuidados, tratamentos e actualidade dos avances científicos.

Tamén o proxecto constitúe unha importante labor de acompañamento aos pacientes e familias que necesiten dunha rede de apoio especializada e única por parte da Fundación, formada por colaboradores interdisciplinares en diversas áreas como a medicina, a investigación e que contribúen á xeración de contido informativo de valor e que serve de apoio ás persoas destinatarias do dito proxecto.

A Fundación pon a disposición da cidadanía información especializada sobre as





enfermidades neurodexenerativas e os seus avances científicos suplindo a carencia informativa existente. As persoas destinatarias do proxecto acoden á Fundación cando non reciben a información suficiente por parte do sistema sanitario ou non teñen a quen dirixir a súa consulta dentro do mesmo.

SEGUNDA. Actuacións subvencionables

Con este proxecto a entidade pretende previr e atrasar a progresión das enfermidades neurodexenerativas, co fin de mellorar a calidade de vida das persoas maiores coa enfermidade de Párkinson ou outras enfermidades neurodexenerativas, coas seguintes actuacións que posibiliten a difusión e sensibilización social:

- Dirección de comunicación dentro dun plan de marketing e-cos servicios de comunicación.

É necesario establecer os recursos que permitan dotar da información especializada e accesible ás persoas destinatarias do proxecto mediante unha política de comunicación, utilizar canles e medios de difusión.

Branding e comunicación corporativa: trátase de dotar de ferramentas corporativas que apoiem a imaxe a transmitir así como un rediseño da actual web para incentivar a captación de novos asociados e doantes.

Comunicación en medios propios xa existentes, redes sociais, blog e portal web da Fundación para xerar un contido especializado e frecuente.-

- Comunicación co apoio noutros medios alleos aos seus propios para dotar de información sobre a actualidade da Fundación como -a través das notas de prensa a outros medios de comunicación, coordinación con colaboradores noutros espazos de comunicación como a radio, canais de youtube, revistas científicas, entre outras.

TERCEIRA. Orzamento

A previsión do orzamento de gastos para o desenvolvemento das actuacións que, no marco do proxecto a subvencionar a través deste convenio, ten previsto desenvolver a Fundación Española de Ayuda a la Investigación en Párkinson é de 62.809,00 euros.

Para o cumprimento da finalidade prevista na cláusula primeira deste convenio a Consellería de Política Social e Xuventude achegará **sesenta mil euros (60.000,00€)** que serán imputados á aplicación orzamentaria 13.05.312E.460.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022, aprobados pola Lei 17/2021, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022.

CUARTA. Obrigas da entidade beneficiaria

1. A Fundación Española de Ayuda a la Investigación en Párkinson deberá cumprir todas as obrigas previstas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, todos os requisitos necesarios para obter a condición de entidade beneficiaria previstos no





artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño. Sen prexuízo de todo o anterior, tamén deberá cumprir as obrigas seguintes:

- a) Realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.
- b) Acreditar a realización da actividade, así como o cumprimento dos requisitos ou das condicións que determinaron a concesión da axuda ante o órgano concedente. O cumprimento desta obriga de xustificación realizarase nos termos previstos no artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño e no artigo 30 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, na normativa regulamentaria de desenvolvemento e no disposto nas bases reguladoras establecidas no presente instrumento de concesión.
- c) Someterse ás actuacións de comprobación que deba efectuar a Consellería de Política Social e Xuventude, así como calquera outra comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais coma comunitarios e achegar canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
- d) Comunicarlle á Consellería de Política Social e Xuventude a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
- e) Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso, así como cantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos polas bases reguladoras das subvencións, coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.
- f) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e durante un prazo mínimo de dez anos ao abeiro do disposto no Real Decreto 304/2014, de 5 de maio, polo que se aproba o Regulamento da Lei 10/2010, do 28 de abril, de prevención do branqueo de capitais e do financiamento do terrorismo.
- g) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.
- h) Incluír na publicidade e en todo tipo de documentación e información relacionada coas actividades obxecto do proxecto a subvencionar a través do convenio e nos lugares onde estas se realicen "subvencionado pola Xunta de Galicia-Consellería de Política Social e Xuventude" co seu respectivo logotipo.
- i) Cumprir cantas outras obrigas se deriven da execución deste convenio.

2. Como beneficiaria de subvención pública ao abeiro deste convenio, a Fundación Española de Ayuda a la Investigación en Párkinson obrígase a subministrar á Administración, previo requirimento, toda a información necesaria para que esta última poida cumprir coas



obrigas previstas no Título I da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, coas consecuencias, no caso de incumprimento, indicadas no artigo 4 da devandita lei.

QUINTA. Obrigas e documentación

En virtude do disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; na Lei 9/2007, do 13 de xuño e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria presentará, tal e como sinala o artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, con carácter previo á sinatura do convenio e xunto co programa de actividades a desenvolver no proxecto, a seguinte documentación:

- a) Declaración comprensiva de todas as axudas e subvencións solicitadas ou concedidas para o mesmo proxecto, ou, de ser o caso, unha declaración de que non solicitaron nin percibiron outras axudas ou subvencións.
- b) Declaración responsable, subscrita polo representante da entidade, de non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria de subvencións sinaladas nos apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

SEXTA. Compatibilidade con outras axudas

A subvención prevista neste convenio é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo total da actividade que vai desenvolver a entidade beneficiaria.

SÉTIMA. Gastos subvencionables e xustificación

A data límite de xustificación, para os efectos do artigo 37.2.e) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, é o **28 de decembro de 2022**.

En aplicación do artigo 29.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e do artigo 42 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, considérase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á data de finalización do período de xustificación.

En consideración ao obxecto do convenio ten carácter subvencionable o gasto de persoal adscrito á execución dos programas a subvencionar, así como o gasto corrente directamente relacionado coa actividade subvencionada. Os gastos repartiranse proporcionalmente entre as distintas actuacións de acordo co seguinte cadro:.





Gastos de marketing e publicidade física	15.490 €
Servizos profesionais das axencias de marketing (inclúe impresión de publicidade)	15.490 €
Gastos correntes	19.418 €
Asesoramento xurídico	18.000 €
Soporte informático	1.198 €
Dominios e hosting	220 €
Gastos de persoal	27.901 €
TOTAL	62.809 €

Así mesmo, considerarase efectivamente pagado o gasto cando se xustifique o pagamento mediante extractos ou certificacións bancarias debidamente identificados, selados e asinados pola entidade beneficiaria. No suposto de que o xustificante do pagamento inclúa varias facturas, deberase xuntar unha relación delas. No suposto de facturas pagadas conxuntamente con outras non referidas ao proxecto subvencionado, a xustificación do pagamento débese realizar sempre mediante a achega do correspondente extracto bancario que irá acompañado dun dos seguintes documentos: relación emitida polo banco dos pagamentos realizados, orde de pagamentos da entidade selada polo banco ou recibín do provedor. Para gastos de escasa contía por importes inferiores a 1.000 euros poderase aceptar a xustificación do pagamento mediante un recibín da entidade provedora.

A presentación da **conta xustificativa** levarase a cabo unha vez rematadas todas as actividades dos programas a subvencionar, aportando a seguinte documentación, conforme ao previsto nos artigos 48 e 50 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei de subvencións de Galicia:

a) Unha **memoria final das actuacións desenvolvidas** en execución dos programas a subvencionar a través deste convenio, con indicación das actividades realizadas, datas de inicio e finalización das mesmas, resultados obtidos e valoración cualitativa dos mesmos, número de persoas beneficiarias en cada actividade, e demais aspectos que se consideren relevantes.

b) Unha **memoria económica abreviada xustificativa do custo das actividades realizadas**, que conterà:

- Unha ficha resumo dos gastos de persoal e do resto dos gastos.
- Unha relación clasificada e debidamente agrupada dos gastos, con identificación da persoa acreedora e do documento, o seu importe, data de emisión e data de pagamento. No





caso dos gastos realizados con medios ou recursos propios, indicaranse os criterios de repartición dos custos xerais e/ou indirectos incorporados na relación.

- Unha relación na que se identificará os apelidos e nome das persoas respecto das que se imputan ao presente convenio gastos de desprazamento derivados de acudir aos servizos que presta a entidade, e na que constarán os días en que se fixeron os desprazamentos obxecto da xustificación, motivo da viaxe e lugar de reunión.

- Especificación das desviacións producidas sobre as cantidades inicialmente orzamentadas pola entidade beneficiaria.

- Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada a través deste convenio, con indicación do importe e a súa procedencia, xa sexa de entes públicos ou privados.

- Os 3 orzamentos que, en aplicación do artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, no suposto de gastos de importe superior a 15.000 € pola prestación de servizos de consultoría ou asistencia técnica, deba ter solicitada a entidade o beneficiaria.

- Se for o caso, a carta de pagamento de reintegro no suposto de remanentes non aplicados así como dos xuros derivados destes.

c) A revisión da parte da conta xustificativa integrada polas facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación a que se fai referencia na letra anterior e a documentación acreditativa do pagamento será efectuada por unha persoa auditora de contas inscrito como exercinte no Rexistro Oficial de Auditores de Contas dependente do Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas, designado pola entidade beneficiaria.

A estes efectos, aportarase o **informe da revisión efectuada pola persoa auditor de contas**, que se estenderá á totalidade da conta xustificativa, e que como mínimo deberá deixar constancia dos seguintes extremos:

- Adecuación da natureza do gasto xustificativo, tanto en relación ás actuacións subvencionadas en execución dos programas a subvencionar a través do convenio previstas na cláusula segunda, como en relación aos conceptos de gasto considerados como subvencionables, con indicación daqueles gastos que non respondan a esta.

- Verificación da relación clasificada e debidamente agrupada dos gastos citada na letra b), conforme coincide coa documentación xustificativa destes e coa documentación acreditativa do seu pagamento, con indicación dos reparos correspondentes. Conforme ao previsto no artigo 49 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, a entidade beneficiaria da subvención deberá marcar cun selo ou sistema similar de marcado, os documentos orixinais xustificantes do gasto, indicando "Subvencionado pola Consellería de Política Social e Xuventude" e se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención, indicando neste último caso a porcentaxe ou contía que se imputa.

- Verificación do cumprimento do disposto na cláusula décima en relación coas actividades subcontratadas, no seu caso.





- Indicación do importe, desagregado por partidas e global, correctamente xustificado, tanto en relación á xustificación do gasto como do seu pagamento, conforme ás 100% previsións contidas nesta cláusula e na cláusula sétima deste convenio.
- Verificación das desviacións producidas sobre as cantidades inicialmente orzamentadas.
- Verificación do importe global percibido pola entidade como ingresos en concepto de subvencións, tanto de entes públicos como privados, e aplicado o financiamento das actuacións obxecto dos programas a subvencionar a través do convenio, e que este non supera o gasto total xustificado.

A persoa beneficiaria da subvención estará obrigada a pór a disposición da persoa auditora de contas cantos libros, rexistros e documentos lle sexan esixibles en aplicación do disposto no artigo 11.f da Lei 9/2007, do 13 de xuño, así como a conservalos co obxecto das actuacións de comprobación e control previstas na lei.

O gasto derivado da revisión da conta xustificativa poderá ter a condición de gasto subvencionable.

En todo caso o prazo para a presentación da conta xustificativa da subvención deste convenio rematará o **día 28 de decembro de 2022**. A falta de presentación da xustificación no prazo establecido comportará o reintegro da subvención, ou da parte proporcional non xustificada, e demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia. Excepciónase desta previsión a presentación da documentación xustificativa do pagamento das nóminas, documento de relación nominal de traballadores (RNT) e documento de relación de liquidación de cotizacións (RLC) do traballador correspondentes aos meses imputados e IRPF correspondentes ao cuarto trimestre de 2022, que se presentará mediante adenda ao informe da auditoría, na primeira quincena de febreiro de 2023.

Toda a documentación xustificativa deste convenio deberá ser asinada pola persoa con capacidade da Fundación Española de Ayuda a la Investigación en Parkinson.

OITAVA. Forma de pagamento

Respecto ao pagamento e forma de xustificación da subvención estarase ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, na Lei 9/2007, do 13 de xuño e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

O libramento farase nunha conta corrente da que sexa titular a entidade beneficiaria. O pagamento do 100% da subvención realizarase nun pago único unha vez xustificadas tódalas actividades do programa a subvencionar polo convenio e aportando a documentación indicada na cláusula sétima.

Con carácter previo ao pagamento poderá consultarse, salvo oposición por parte do interesado, o cumprimento das súas obrigas tributarias, coa Seguridade Social e coa facenda da Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, así como non ser debedor por resolución de procedemento de reintegro. De opoñerse terá que acreditar as





obrigas indicadas de xeito expreso tal e como sinala o artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, e achegar os xustificantes ou documentación necesaria para acreditar o seu cumprimento, se é o caso.

Para a tramitación das condicións de pagamento previstas nos apartados anteriores, a Fundación Española de Ayuda a la Investigación en Párkinson queda exonerada da constitución de garantía ao entrar no suposto previsto no artigo 65.4.f) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

NOVENA. Subcontratación

A Fundación Española de Ayuda a la Investigación en Párkinson é a beneficiaria directa da subvención obxecto deste convenio, asumindo a total responsabilidade da execución da actividade subvencionada fronte á Administración. Non obstante, autorízase a subcontratación da execución de actividades, ata unha porcentaxe do 100% por cento do importe total das actuacións financiadas a través do mesmo para a debida execución das actividades programadas, de acordo co recollido na memoria económica. A autorización baséase na necesidade de execución externa das actividades programadas .

A Fundación, no seu caso, comunicaralle a subcontratación á Dirección Xeral de Maiores e Atención Sociosanitaria da Consellería de Política Social e Xuventude. A estes efectos será de aplicación o establecido no artigo 29 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, e 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

DÉCIMA. *Inexistencia de relación laboral*

A Fundación Española de Ayuda a la Investigación en Párkinson queda facultada para designar o persoal necesario para realizar as actividades propostas que forman parte dos programas da entidade. A subscripción do presente convenio non leva consigo relación laboral nin contractual algunha entre a Consellería de Política Social e Xuventude e as persoas que realicen as actividades obxecto do proxecto a subvencionar a través do dito convenio, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha, nin directa nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento del.

A Fundación Española de Ayuda a la Investigación en Párkinson asume a responsabilidade respecto do persoal que asume as obrigas de impartir a formación ou levar a cabo as actividades establecidas no proxecto a subvencionar, así como aquelas derivadas das relacións contractuais, reservándose as dúas partes deste convenio o dereito ao exercicio das accións pertinentes tanto resolutorias como indemnizatorias no suposto de paralización dalgunha actividade.

DÉCIMA PRIMEIRA. *Incumprimentos, reintegros e sancións*

Producirase a perda do dereito ao cobro total ou parcial da axuda no suposto de falta de xustificación do cumprimento do convenio, dos deberes contidos nestas cláusulas ou na demais normativa aplicable, así como polas causas de resolución previstas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, o que dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente a axuda percibida, así como os xuros de demora correspondentes.





O procedemento para declarar a orixe da perda do dereito de cobramento da axuda e para facer efectiva a devolución a que se refire o punto anterior será o establecido no Título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Sempre que se cumpran os requisitos ou condicións esenciais reflectidos no convenio, a Consellería de Política Social e Xuventude poderá apreciar un incumprimento parcial e deberá resolver sobre o seu alcance, aplicando a mesma ponderación que tivera a condición incumplida no convenio e, se é o caso, establecendo o deber de reintegro.

Cando se trate de condicións referentes á contía ou conceptos do obxecto subvencionable, o alcance do incumprimento determinarase proporcionalmente ao gasto deixado de practicar ou aplicado a conceptos distintos dos considerados subvencionables e, se é o caso, deberán reintegrarse as cantidades percibidas en dita proporción. Con carácter xeral, se o incumprimento superara o 65% da actividade a subvencionar a través do convenio, entenderase que dito incumprimento é total, e deberán reintegrarse todas as cantidades percibidas e o seus intereses de demora.

Á entidade beneficiaria da subvención seralle de aplicación o réxime de infraccións e sancións previstas no Título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño e no Título VI do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

DÉCIMO SEGUNDA. *Vixencia*

O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2022.

Non obstante, financiaranse os gastos realizados dende o 1 de xaneiro do presente exercicio, sempre e cando correspondan a actuacións encamiñadas á posta en marcha do proxecto; en todo caso os pagamentos dos gastos subvencionables ao abeiro deste convenio deberán estar efectivamente realizados na data límite de presentación da xustificación, **o 28 de decembro de 2022**, establecida na cláusula oitava deste convenio.

DÉCIMO SEGUNDA. *Obrigas de publicidade*

O presente convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia. Así mesmo, será obxecto de publicación e inscrición en cumprimento do disposto no artigo 17 da lei 1/2016, do 18 de xaneiro, no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistro públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

As partes asinantes consenten dar publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente instrumento de colaboración o Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

De conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, o instrumento de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicados á Base de Datos Nacional de Subvencións.





DECIMO TERCEIRA. Información básica sobre protección de datos persoais

As partes asinantes deste convenio garantirán a confidencialidade dos datos persoais aos que teñan acceso como consecuencia das actuacións realizadas en execución deste e de conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación de estes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia-Consellería de Política Social e Xuventude coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa derivada da xestión da concesión directa a través deste convenio que comprende verificar os datos e documentos que a entidade interesada achegue para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que se deriven e informar sobre o estado de tramitación.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme ás referencias recollidas no enlace <https://www.xunta.gal/información-xeral-proteccion-datos> derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento das obrigas legais impostas ao dito responsable de conformidade co disposto no artigo 6.1, letras c) e e) do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de

2016 e o artigo 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, e en concreto a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, reflectíndose esta circunstancia de conformidade coa normativa de aplicación.

A referencia a publicidade, en cumprimento da normativa de transparencia e subvencións, axustarase a dita normativa e coas limitación que esta establece.

Como destinatarios os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, no seu caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos>. O contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información consultarase no enlace <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.





DÉCIMO CUARTA. *Comisión de seguimento e control*

Para o seguimento e coordinación das accións previstas no presente convenio crearase unha comisión mixta e paritaria na que estarán representados as partes asinantes do convenio. Esta comisión, que se reunirá por petición de calquera das partes, será o mecanismo de actuación conxunta para o seguimento e avaliación das actuacións estipuladas no presente convenio, e estará formada por dous representantes da Consellería de Política Social e Xuventude e dous representantes da Fundación Española de Ayuda a la Investigación en Párkinson, designados por cada unha das partes que as representan así como os seus suplentes. A dita comisión será presidida por un dos representantes da administración.

O secretario deberá ser unha persoa adscrita á Dirección Xeral de Miores e Atención Sociosanitaria, designada pola persoa que asuma a presidencia, que actuará nese caso con voz pero sen voto.

Non obstante, todas aquelas cuestións que se susciten en relación co outorgamento, cumprimento, xustificación e pagamento, así como o reintegro e determinación das posibles responsabilidades relativa á subvención concedida, serán resoltas pola Consellería de Política Social e Xuventude.

Como órgano colexiado a comisión someterase ao réxime establecido na mencionada Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

DÉCIMO QUINTA. *Réxime xurídico*

O presente convenio terá carácter administrativo rexéndose nos seus efectos polo establecido nas súas cláusulas, na Lei 38/2003, do 17 de novembro; no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo; na Lei 9/2007, do 13 de xuño; no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro e na Lei 40/2015, do 1 de outubro. No seu defecto, para resolver as lagoas e dúbidas que puideran presentarse, rexerase polo establecido na Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do Sector Público, polo que traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 24 de febreiro do 2014.

As cuestións litixiosas xurdidas acerca da interpretación, modificación e resolución serán resoltas pola Consellería de Política Social e Xuventude poñendo os seus acordos fin á vía administrativa.

Contra elas cabe recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou a resolución, segundo o previsto no artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, no prazo de un mes se a resolución fose expresa. Se o acto non fora expreso, poderá interpor recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, ou poderá interpoñer directamente recurso contencioso - administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á notificación do acto que poña fin á vía administrativa, se fose expreso. Se non o fora, o prazo será de seis meses e contarase, para o solicitante e outros posibles interesados, a partir do día seguinte a aquel





en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso – administrativa.

Para tales efectos o tribunal competente será o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

E en sinal de conformidade coas estipulacións do presente convenio, o asinan ambos os dous comparecentes en triplicado exemplar no lugar e data expresado.

Pola Consellería de Política Social e
Xuventude

Pola Fundación Española de Ayuda a
la Investigación en Párkinson

A conselleira de Política Social e Xuventude

O presidente

Fabiola García Martínez

Alberto Amil Lago

